

Concello de Viveiro

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE O CONCELLO DE VIVEIRO E O CONCELLO DE LUGO PARA O NOMEAMENTO DE INSTRUTOR NO EXPEDIENTE INFORMATIVO E DE ACTUACIÓNS PREVIAS AO RESPECTO DA SITUACIÓN EXCEPCIONAL ACAECIDA NO CORPO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE VIVEIRO, QUE SE ESTÁ A TRAMITAR POLO SERVIZO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

En Viveiro, á data que consta á marxe.

REUNIDOS

Dunha parte D^a. María Loureiro García, Alcaldesa do Excmo. Concello de Viveiro, actuando en nome e representación do Excmo. Concello de Viveiro.

Doutra parte, D^a Paula Alvarellos Fondo, Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, actuando en nome e representación do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das competencias conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

EXPOÑEN

I.- Que o Concello de Viveiro acordou a apertura dun procedemento informativo e de actuacións previas co fin de coñecer as circunstancias que derivaron na situación excepcional acaecida no Corpo da Policía Local deste Concello e poder determinar a conveniencia ou procedencia de iniciar os procedementos que, no seu caso poidan corresponder; acordando o carácter de información reservada do referido procedemento.

II.- Que tendo en conta a especial circunstancia excepcional acaecida no corpo da policía local, que se atopa de facto totalmente suspendido e inactivo, así como á magnitude e excepcionalidade da situación, que afecta á totalidade do corpo da policía local e á inexistencia de medios humanos no Concello que poidan levar a cabo a tramitación dese procedemento, acordouse solicitar a colaboración da Deputación Provincial de Lugo para que por parte do Servizo de Asistencia e Asesoramento Xurídico e Técnico a Concellos se levase a cabo a tramitación do expediente informativo e de actuacións previas.

III.- Que por parte da Deputación Provincial de Lugo, dende a Área de Cooperación e Asistencia a Concellos, comunicouse que en relación á solicitude de colaboración para a tramitación de expediente informativo e de actuacións previas ao respecto da situación excepcional acaecida no Corpo da Policía Local do Concello de Viveiro e unha vez examinada a documentación remitida, tendo en conta o disposto na Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación da policía local de Galicia, se consideraba debería encomendarse a instrución do expediente referenciado a un funcionario do corpo da policía local na escala básica da categoría de oficial ou calquera das escalas superiores ou categorías.

IV.- Que, á vista do escrito remitido pola Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Viveiro solicitou ao Concello de Lugo, tendo en conta que é o Concello de maior poboación da provincia, polo que podería contar con maior número de persoal das escalas superiores no Corpo da Policía Local, colaboración para o nomeamento de instrutor no referido expediente; co fin de que por ese concello puidesen designar a un funcionario do corpo da policía local da escala básica na categoría de oficial ou calquera das escalas ou categorías superiores, a fin de poder ser nomeado instrutor do expediente informativo e de actuacións previas, e puidese levar a instrucción do expediente que se está a tramitar pola Deputación Provincial de Lugo, colaborando no mesmo como instrutor.



Concello de Viveiro

V.- Que por parte do Concello de Lugo se propuxo ao Inspector do Corpo da Policía Local de Lugo, D. Alberto Muñoz Heras, para que puidese ser nomeado instrutor do expediente informativo que se estaba tramitando pola Deputación Provincial de Lugo.

VI.- Que se ditou Resolución na que se acordou nomear como Instructor do procedemento informativo e de actuacións previas a D. Alberto Muñoz Heras, Inspector do Corpo da Policía Local de Lugo, que actuará en colaboración co Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

VII.- A sinatura deste convenio fundaméntase na cooperación interadministrativa prevista no artigo 57 da LRBRL, en consonancia coas competencias municipais en materia de policía local, no ámbito de colaboración e cooperación entre Administracións, en consonancia co disposto na Lei 4/2007, do 20 de Abril, de coordinación de Policía Locais de Galicia, e regulamento de desenrolo.

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello de Viveiro e o Concello de Lugo para levar a cabo a instrucción do expediente informativo e de actuacións previas referente á Policía Local ao carecer de medios no Concello de Viveiro para a súa instrucción.

O Concello de Lugo comprométese a proporcionar persoal propio para levar a cabo a instrucción do expediente informativo que se está tramitando pola Deputación Provincial de Lugo, segundo a designación efectuada no seu momento, debendo ser aceptada polo funcionario proposto, D. Alberto Muñoz Heras, Inspector do Corpo da Policía Local de Lugo.

Segunda.- Actuacións a levar a cabo por parte do Concello de Lugo.

O Concello de Lugo unha vez rematado a instrucción do expediente informativo e de actuacións previas referente á Policía Local, remitirá ao Concello de Viveiro certificación acreditativa das horas de realización da instrucción do expediente informativo e de actuacións previas (con indicación do horario e días que nos que se realizou).

Terceira.- Financiación e gastos derivados do convenio.

O Concello de Viveiro aboará ao Concello de Lugo a cantidade resultante segundo os servizos efectivamente prestados. Esta cantidade calcularase tomando como referencia, polos servizos extraordinarios prestados, o valor /hora de 47,49 € segundo o salario previsto no Concello de Viveiro para a praza de inspector, que será aboado polo Concello de Lugo na nómina ao Inspector do Corpo da Policía Local. O Concello de Viveiro tamén aboará ao Concello de Lugo a cantidade correspondente aos custos da Seguridade Social polos referidos servizos. Esta cantidade deberá ser aboada no prazo máximo de tres meses dende a recepción da certificación acreditativa referida na cláusula anterior.

O Concello de Lugo deberá proceder aos abonos correspondentes ao Inspector do Corpo da Policía Local que prestou o servizo e á Seguridade Social. O Concello de Viveiro quedará exento de calquer responsabilidade que se derive deste incumprimento.

Cuarta.- Vixencia.

O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024, para a realización das actuacións a levar a cabo derivadas do mesmo. Non obstante manterá a súa vixencia ata o prazo máximo de catro anos dende a súa sinatura, aos efectos de actuacións que deriven da propia instrucción realizada ao amparo do presente convenio.



Concello de Viveiro

Quinta.- Consecuencias en caso de incumplimento.

O Concello de Viveiro, no suposto de incumplimento de pago, no prazo establecido, indemnizará ao Concello de Lugo cos xuros que legalmente correspondan.

O Concello de Lugo será o único responsable de proceder aos abonos correspondentes ao Inspector do Corpo da Policía Local que prestou o servizo e á Seguridade Social. O Concello de Viveiro quedará exento de calquer responsabilidade que se derive deste incumplimento.

Sexta.- Comisión de seguimento, vixilancia en control.

Ante calquera dúbida de interpretación na aplicación do convenio ou no caso de considerase necesaria a súa constitución por calquera das partes, constituirase unha comisión mixta, integrada por dous representantes de cada unha das partes.

Esta Comisión terá como función a interpretación do convenio e a resolución das discrepancias que poidan xurdir durante a súa vixencia.

Sétima.- Natureza.-

O presente convenio ten natureza administrativa, séndolle de aplicación o artigo 12.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, polo que queda fóra da súa aplicación, rexéndose polas estipulacións contidas no mesmo.

Oitava.- Causas de extinción.

Establécense como causas de resolución as seguintes:

- Transcurso do prazo de vixencia establecido.
- Acordo mutuo entre as partes.
- Incumplimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes asinantes.

En proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado exemplar na data e lugar indicados no encabezamento.

Polo Concello de Viveiro,
A Alcaldesa

Polo Concello de Lugo,
A Alcaldesa

Asdo.- María Loureiro García

Asdo.- Paula Alvarellos Fondo

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

